



## CONCELLO DE POIO

MC

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA NÚMERO CATROCENTOS DÚAS REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E SEIS DE FEBREIRO DE DOUS MIL OITO.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta cinco minutos do día vinte e seis de febreiro de dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e con asistencia dos/as Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D<sup>a</sup>. Luz Senra Lorenzo, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D<sup>a</sup>. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Miguel Anxo Pazos Barros, D. Javier Domínguez Lino, D<sup>a</sup> Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Ángel Moldes Martínez, D. Miguel Ángel Martínez Nacemento, D<sup>a</sup>. Irene Ligeró Iglesias, D<sup>a</sup>. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luís Agís Gómez e D<sup>a</sup>. Rosa Fernández González; escusa a non asistencia o concelleiro D. Manuel Domínguez Álvarez; asiste como Secretaria a da Corporación D<sup>a</sup>. Paula Ramos Díaz, asistindo como Interventora D<sup>a</sup>. Olga Fernández Rodríguez; reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados/as en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na orde do día.

3088.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DO 29 DE XANEIRO E 11 DE FEBREIRO DE 2008- Dáse conta pola Secretaria das actas anteriores do 29 de xaneiro e 11 de febreiro de 2008, quedando aprobadas por unanimidade.

3089.- ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.- Dáse conta pola Secretaria do estado de execución dos acordos precedentes e que son os que seguen: "3080.- RECTIFICACIÓN DO ERRO COMETIDO NO ACORDO NÚM. 3067, SOBRE CAMBIO DE SISTEMA DE ACTUACIÓN, DE COOPERACIÓN A COMPENSACIÓN NO POLÍGONO 1 DE SOLO URBANO NON CONSOLIDADO NO BAO, DE MARÍA PIÑEIRO COCHÓN E OUTROS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes; 3081.- RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. PO 4252/2007, INTERPOSTO POR D<sup>a</sup>. CARMEN ESPERÓN SARTAL CONTRA A ORDE DO 14 DE FEBREIRO DE 2007 DA CPTOPT QUE APROBOU DEFINITIVAMENTE A MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 2 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL NA ZONA DO BAO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse copia á D. Joaquín Echagüe Pérez-Montero; 3082.- DESAFECTACIÓN USO ESCOLAR DA ESCOLA DO

CAMPO DE COMBARRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse anuncio ao Boletín Oficial da Provincia e Diario de Pontevedra e comunicouse á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; 3083.- APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO ORDINARIO ANO 2008.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial de Pontevedra; 3084.- SECRETARÍA, INFORME EN RELACIÓN CO FUNCIONAMENTO DO CONSELLO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse a todas as asociacións rexistradas para que actualicen a súa inscrición; 3085.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A SUPRESIÓN DA TARIFA ELÉCTRICA NOTURNA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Xunta de Galicia e Consellería de Innovación e Industria; 3086.- MOCIÓN DO BNG PARA A PRESTACIÓN EFICAZ DO SERVIZO DE CORREOS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Presidencia e Vicepresidencia da Xunta de Galicia, aos tres Grupos Parlamentarios de Galicia, Presidencia do Goberno e á Ministra de Fomento; COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE PERSOAL SOBRE O PROCESO DE SELECCIÓN OBRADOIRO DE EMPREGO POIO III.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3087.- ACTO DO SORTEO PÚBLICO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS QUE PARTICIPARÁN NAS ELECCIÓNS ÁS CORTES XERAIS DO NOVE DE MARZO DE DOUS MIL OITO.- Unha vez seleccionados os membros das mesas electorais, procedeuse á súa notificación e posterior comunicación a Xunta Electoral de Zona."

A Corporación dáse por enterada.

3090.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario, as que estiveron a exposición pública xunto cos demais asuntos da orde do día. A Corporación dáse por enterada.

3091.- URBANISMO, SOLICITUDE DE D<sup>a</sup>. MARÍA VICENTE PÉREZ SOBRE BONIFICACIÓN NA COTA DO ICIO.- Dáse conta á corporación do expediente iniciado a instancia de D<sup>a</sup>. María Vicente Pérez na que solicita que se lle conceda a bonificación do 95% do ICIO prevista no artigo 4-5a da ordenanza fiscal reguladora do ICIO sobre o orzamento das obras.

Dándose conta igualmente do ditame emitido pola Comisión de Facenda realizada en sesión ordinaria do 19 de febreiro de 2008, que di o seguinte: "Dáse conta do expediente tramitado a instancia de D<sup>a</sup> María Vicente Pérez Expte. n<sup>o</sup> 524/07, por rehabilitación dunha vivenda sira en Rúa San Roque, 53 en Combarro e dentro da Area de Rehabilitación de Combarro, en virtude do Convenio asinado no seu día co Instituto Galego de Vivenda e Solo prevíndose na Ordenanza reguladora aprobada a tal efecto unha bonificación do ICIO, do dictame da Comisión Informativa de Urbanismo polo que se informa favorablemente dito

expediente e do informe favorable da Intervención Municipal de data 28 de xaneiro de 2008.

A Comisión por unanimidade acordou propor ó Pleno a bonificación do 95% da cota do ICIO para a obra de D<sup>a</sup> María Vicente Pérez, Expte. nº 524/07 e que se realicen os trámites correspondentes para liquidar á propietaria o 5% do ICIO."

A Corporación por unanimidade acordou aprobar a proposta realizada pola Comisión de Facenda sobre bonificación do 95% da cota do ICIO e que se realicen os trámites correspondentes para liquidar á propietaria o 5% do ICIO.

3092.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE ADHESIÓN DO CONCELLO DE POIO Á PLATAFORMA "TODOS CONTRA O CANON".- Pola Secretaria dáse conta da moción de data 29 de xaneiro de 2008, que tivo entrada neste concello o 30 de xaneiro de 2008, núm. 528 e presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular; dándose conta igualmente do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de febreiro de 2008, que di o seguinte: "Dáse conta da moción do Grupo Municipal do Partido Popular, de data 29 de xaneiro de 2008, sobre a adhesión do Concello de Poio á "Plataforma todos contra o Canon" e que despois dunha ampla exposición de motivos propón a adopción do seguinte acordo: "El Ayuntamiento de Poio, como representante de todos sus vecinos y vecinas, muestra su adhesión a la PLATAFORMA TODOS CONTRA EL CANON, apoyando a quienes actúan en defensa de toda la ciudadanía. Asimismo, insta al Gobierno para que proceda a la derogación del Art. 25 de la LPI y, en todo caso, solicita al Gobierno la exclusión municipal del pago de este canon."

Por parte da Secretaria da Corporación dáse lectura á moción e a continuación toma a palabra o Sr. Martínez Blanco manifestando que o P.P. amplía o ámbito do canon a cds vírxenes prexudicando a particulares e que é pura demagogia polo período electoral, e como soamente é de supresión e non fala de alternativa que concilie os intereses dos usuarios cos dereitos de autor so así na medida que se consensue na próxima lexislatura, en Cortes Xerais. e polo tanto vanse abster.

O Sr. Miguel A. Martínez Nacemento di que a moción é tan clara que non merece máis xustificación.

O Sr. Piñeiro Murillo di que como non hai alternativa é demagogia.

O Sr. Martínez Blanco di que esta moción é oportunista e demagóxica polos antecedentes xa reproducidos e que por tanto haberá que buscar o consenso entre todos.

O Sr. Piñeiro Murillo di que cando o P.P. gobernou non houbo esforzo algún para presentar proxecto algún e que sexa agora precisamente cando presenten esta iniciativa para a supresión tilda de novo de electoralista.

O Sr. Agís Gómez defende o canon pola súa finalidade e

obxecto e esta de acordo co exposto polo Grupo Municipal do BNG e a única forma de cortar desmans é que entre todos paguemos e compensar de esta maneira, ante a imposibilidade de establecer outras fórmulas de control.

A Comisión por 3 votos a favor do P.P., 1 voto en contra e 3 abstencións acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a súa aprobación."

A Sra. Nieto García explica que a moción xa foi debatida previamente pola Comisión de Facenda e na exposición de motivos da mesma queda claramente refletido o porque do noso rexeite ao canon, xa que grava indiscriminadamente a todos os cidadáns; nos o que pedimos é que se derogue o artigo e que non se impoñan taxas a todos soamente polo feito de ser sospeitosos, inclusive a administración.

O Sr. Martínez Blanco di que o canon é unha taxa aplicada a diversos medios de gravación e cuxa recaudación recibeb os/as autores/as, editores/as, produtores/as e artistas, asociados/as a algunha entidade de xestión de dereitos de dereitos de autor, en compensación polas copias que se fan dos seus traballos. Este canon cobrou especial relevancia cando, en setembro de 2003, baixo o goberno de maioría absoluta do PP, se comezou a aplicar a CDs e DVDs virxes. Foi polo tanto o PP, quen iniciou a aplicación do canon a soportes que poden ter outros fin alleos á copia privada. Neste contexto, consideramos que o PP con esta moción está a facer demagogia e electoralismo.

A vista está que esta moción non se corresponde coa actuación política do PP do goberno do Estado.

A moción, ademais, avoga pola supresión do canon, pero en ningún momento propón alternativa ningunha para que os dereitos de propiedade intelectual se vexan amparados. O BNG posicionase en contra da extensión do canon a calquera tipo de soporte dixital, máis consideramos que, calquera debate sobre a supresión ou modificación do canon debe de ir ligado alternativa que concilie dereitos de usuarios/as e a salvagarda do dereito á propiedade intelectual por parte dos/as artistas.

Nesas condicións, o BNG móstrase favorabel a realizar as modificacións lexislativas necesarias que condurzan á supresión do canon e así o defenderá na vindeira lexislatura no congreso dos deputados.

En resumo, dende o BNG consideramos máis útil e positivoi que se produza un debate político e social coa vontade de integrar a todos os intereses que a adhesión a unha plataforma que se creou precisamente para posicionarse en contra dunha medida do PP. Aínda que agora este partido político de xeito escandalosamente demagóxico e electoralista convirteuse da noite para a mañán no abandeirado desta plataforma.

O PP presenta unha moción para suprimir o canon pero todos nos preguntamos que alternativa van dar para todas estas grabacións.

A Sra. Besada Lores di que a proposta busca o equilibrio entre as diferentes posturas e industria asume rebaixas nos prezos de varios produtos dos que se beneficiarán os consumidores e así, os autores e creadores ven como se protexerán os seus dereiros lexítimos sobre a propiedade intelectual, no cumprimentda normativa europea.

No caso dos CD e DVDs, a baixada das tarifas que desde fai anos xa se paga é de máis dun 20% e as reducións da tarifa da grabadora CD-DVD oua impresora en tinta que se reducen máis dun 45% (Grabadora CD+DVD rebaixase un 48,5%, soporte CD-R un 22,7%, soporte DVD-R un 26,6%, impresoras multifuncionales inxección tinta un 47%, MF láser un 33,3%).

Entrará en vigor a mediados do mes de xaneiro e destacar que o pagamento do canon soamente se efectua unha vez (cando se compra o produto) e a aplicación deste canon xa se ven efectuando en máis de 20 países europeos.

A Sra. Nieto García di que na relación que menciona a concelleira soamente reflite as rebaixas pero non todos; este lei 19/2006, é do ano 2006. recalcaldes que esta mocion é demagogia por ser periodo electoral. Desde o Partido Popular cremos que a aplicación deste canon non se pode efectuar de forma indiscriminada a toda a cidadanía.

A Sr. Barreiro Lubián manifesta que graban a todos os consumidores, antes tamén se grababa e non pasaba nada, pero se se pide outro sistema cobrando aos artistas non se como é este sistema redistributibo.

O Sr. Agís Gómez di que no mes de xuño do ano 2006 reformouse o da propiedade intelectual e non tivo voto en contra. O problema que xorde porque non hai maneira de controlar ao infractor nin evitar a piratería, por iso se establece unha estimativa para ese prexuízo que pode causar; estaría ben que deses unha alternativa.

A Sra. Nieto García responde que por esa regra de tres pagan todos polas accións dos infractores.

Sometida a votación o ditame emitido pola Comisión de Facenda, Gobernación e Contas, sobre a moción presentada polo PP da supresión do canon, este quedou denegada con 7 votos a favor (7 PP) e 10 votos en contra (7 BNG e 3 PSOE).

3093.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2008: RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS.- Pola Sra. Secretaria dáse conta do expediente sobre a aprobación definitiva do orzamento correspondente ao exercicio 2008 que foi aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación na sesión ordinaria realizada o 29 de xaneiro de 2008 estando a exposición pública durante o prazo de 15 días hábiles mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios deste Concello, presentándose en tempo e forma as seguintes reclamación, tanto ao orzamento como a Relación de Postos de

Traballo: Escrito alegacións ao orzamento 2008 presentada o 20 de febreiro por D<sup>a</sup>. Videlina Franco Quintillán, escrito alegacións ao orzamento 2008 presentada o 20 de febreiro por D<sup>a</sup>. Laura Franco Quintillán, escrito alegacións ao orzamento 2008 presentada polos membros da Policía Local deste Concello o 20 de febreiro he escrito alegacións á Relación de Postos de Traballo presentada por D<sup>a</sup>. Consuelo De La Peña Costoya o 21 de febreiro.

O Sr. Barreiro Lubián explica que se presentaron catro reclamaCións (tres delas ao orzamento e unha á relación de postos de traballo) pero destacar que ningunha delas cumpre os requisitos necesarios para impugnar un orzamento e sen profundizar rexeitaremos as reclamacións. Quedan en suspenso os complementos específicos até que se elabore a RPT para avalar e tomar as decisións oportunas.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que é triste comprobar como con estas alegacións de persoal se ven a demostrar unha vez máis a nefasta planificación de persoal do Concello desenvolvido polo BNG e o PSOE nos seus trece anos de goberno. Vese claramente a necesidade urxente da xa demandada restructuración da plantilla de persoal. Que o propio Concello non fomenta as envexas, as desigualdades, as discriminacións que existen entre os funcionarios e outros. Ao final o que sae perdendo como sempre os veciños de Poio do que si nos preguntamos onde está recollido os compromisos da reunión da mesa de negociación do 16 de abril do 2007; por certo en vísperas ás eleccións municipais e que non se ven refletidos os devanditos compromisos nos orzamentos que vostedes do BNG e o PSOE van aprobar, desde abril do 2007 non planificaron os compromisos contraídos en vísperas electorais pasadas. Unha vez máis demóstrase a nula planificación deste desgoverno bipartito.

A Sra. Besada Lores contesta que cando se plantexou todo isto, non se pretendía fomentar envexas ou desigualdades, cada un pode ter o seu criterio, pódese reclamar sen meterse cos compañeiros/as. No ano 2008, creáanse partidas para intentar solventar desigualdades inclusive o da reunión de abril do 2007 pero isto contamos que se trate no pleno que se realizará no mes de marzo, pola que se vai constituir a mesa de negociación estando prevista a elaboración dunha RPT.

O Sr. Barreiro Lubián di que aquí se está a confundir RPT con restructuración da plantilla, o que se está facendo agora non está mal por non haber unha RPT. Ao mellor quen reclama agora darase conta que non varía a súa situación.

Os acordos adoptados pola Mesa de Negociación non son vinculantes e nesas reunións están implicados todas as partes (tanto representantes do Concello como repretantes dos traballadores). Até fai pouco tempo non tínhamos convenio colectivo nin acordo regulador e aprobouse un que avanzou moitísimo na situación que se tiña até igualarse. Neste momento toca negociar outro acordo regulador.

O Sr. Domínguez Lino di que co que se acaba de dicir estase a demostrar unha nula planificación xa que por un lado dise que os acordos das mesas de negociación non son vinculantes pero por outra parte recoñécese que se vai facer no mes de marzo.

O Sr. Barreiro Lubián di que por primeira vez se convoca unha mesa de negociación polo BNG antes nunca. Particiepei en moitas mesas de negociación e os traballadores sempre piden máis do que se pode dar (máis salario menos traballo) pero hai que defender os intereses dos veciños e non se pode dar todo e por iso se xeneran envexas pero trátase dun problema que se da en todos os estamentos da vida.

Non entramos nas reclamación en valoralas a fondo porque agora do que se trata é de aprobar os orzamentos.

Agora mesmo non partimos de cero destacar que o último levou cinco anos pero o importante é valla para algo.

A Corporación, en votación ordinaria, acordou:

**Primeiro:** Desestimar as alegacións presentadas contra o aprobación inicial do orzamento xeral do exercicio 2008 por non concurrir causa ningunha das prevista no artigo 170.2 do RDLex 2/2004, do 5 de marzo, polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei reguladora das facendas locais .

**Segundo:** De conformidade co artigo 92 paragrafo do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento e réxime xurídico das entidades locais retirar da orde do día a reclamación presentada contra a modificación da relación de postos de traballo para que sexa incorporados ao expediente formado ao efecto informes de Intervención e Secretaría.

**Terceiro:** Ao amparo do artigo 169 do RDLex 2/2004, do 5 de marzo, prestar aprobación definitiva ao orzamento xeral municipal para o exercicio 2008, xunto con todos os seus estados e anexos e bases de execución por un importe total no seu estado de ingresos e gastos 12.660.000 €.

**Cuarto:** Aprobar igualmente a relación de facturas correspondentes a expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito ao que se refire o artigo 60.2 do RD 500/1990, do 20 de abril, relacionadas no anexo que se xunta ao informe da Intervención por un importe total de 203.362,63 €.

3094.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE DE PRÉSTAMO PARA O FINANCIAR INVESTIMENTOS 2008.- Dáse conta do expediente tramitado co obxecto do concerto dun préstamo por importe de 1.635.000€ coa finalidade de financiar os investimentos recollidos no orzamento correspondente ao exercicio 2008, así como as modificacións que poideran establecerse por razóns de interese público ou como consecuencia dos sobrantes que se produzan na execución dos investimentos proxectados.

Devandito expediente consta dun prego de condicións no que se indica a contía do préstamo así como a duración da

operación a 18 anos con dous anos de carencia e tipo de interese fixo ou variable tomando como referencia o valor de alcance o Euribor anual, así como informe da intervención que di textualmente: "**ASUNTO:** Concertación dun préstamo a longo prazo de 1.635.000€ para a financiación dos investimentos recollidos no anexo ao Orzamento para o exercicio 2008. **LEXISLACIÓN APLICABLE:**

A normativa aplicable a este suposto ven determinada polos seguintes preceptos:

- Capítulo VII del Título I do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se desenvolve o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

- Artigos 3.k) e 9 do Real Decreto 2/2000 de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

En cumprimento do previsto no artigo 52.2 del Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, emítase o seguinte **INFORME:**

Primeiro: Requisitos e límites para a concertación de Operacións de Crédito:

Os artigos 50 e 53 do RD 2/2004, esixen para a concertación de calquera das modalidades de crédito previstas no mencionado decreto, que as Corporacións Locais dispoñan:

- Dun orzamento aprobado para exercicio en curso.
- Dun aforro neto non negativo.

En canto ao primeiro dos requisitos, o orzamento para o exercicio 2008 foi aprobado inicialmente por acordo plenario de data 29 de xaneiro habendo sido aprobado definitivamente tras ser publicado durante quince días no Boletín Oficial da Provincia (o 4 de febreiro de 2008) existindo reclamacións ao mesmo deberán ser estas resoltas por o Pleno da Corporación antes de ser aprobado definitivamente o mesmo.

En canto a esixencia dun aforro neto adecuado, faise constar que o artigo 53.1 do RD 2/2004, entende por tal a diferenza entre os dereitos liquidados polos Capítulos I a V (ambos inclusive) do Estado de Ingresos, e das obrigas reconecidas polos Capítulos I, II e IV do Estado de Gastos, minorada no importe dunha anualidade teórica de amortización, que se determinará en termos constantes, incluíndo os intereses e a cota anual de amortización da operación proxectada e de cada un dos préstamos e empréstimos propios e avalados a terceiros pendentos de reembolso.

No suposto de que o aforro neto sexa negativo non se poderán concertar novas operacións de crédito, nin conceder avais, nin substituír operacións de crédito concertadas con anterioridade sen previa autorización dos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda, debendo, ademais, aprobar o Pleno do Concello un Plan de Saneamento Financeiro a realizar nun prazo non superior a 3 anos que permita axustar a cero o aforro neto negativo.



Segundo: Órgano competente para a contratación da Operación de Crédito.

O artigo 52.2 atribue ao Presidente da Corporación a competencia para a concertación de operacións de crédito a longo prazo previstas no Orzamento, das que, o seu importe acumulado, dentro de cada exercicio económico non supere o 10 % dos recursos de carácter ordinario previstos no mencionado Orzamento. No caso contrario a competencia é do Pleno.

Tercero: Procedemento de adxudicación:

O artigo 52.1 do RD 2/2004, remítes, en canto ao procedimientto a seguir para a concertación de toda clase de operacións de créditos con entidades financeiras de cualquera natureza, á letra k) do artigo 3.1 do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Cuarto: Autorizacións preceptivas: O artigo 53 del Real Decreto 2/2004, establece que:

- Será necesaria a autorización dos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda para a concertación de Operacións de Crédito a Longo Prazo cando dos estados financeiros que reflexen a liquidación dos Orzamentos, os resultados correntes e os resultados da actividade ordinaria do último exercicio, se reflexe un aforro neto negativo.

- Tamén será necesaria cando o volumen total do capital vivo das operacións de crédito vixentes a corto e longo prazo exceda do 110 por 100 dos ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio inmediatamente anterior.

- O apartado 5º deste precepto establece outros supostos nos que se precisa a autorización correspondente, referidos ás operacións formalizadas no exterior o con Entidades Financieras non residentes en España e á emisión de deuda pública o calquera outra forma de apelación ó crédito público.

En base ó anteriormente exposto, e en canto á concertación da operación obxeto de informe, fanse as seguintes PRECISIÓNS:

PRIMEIRA.- En canto aos requisitos e límites para a concertación desta Operación, faise constar:

a) Que o Orzamento Xeral do Concello para o presente exercicio foi aprobado inicialmente, por acordo plenario o 29 de xaneiro habendose presentado alegacións ao mesmo deberán ser resoltas antes da aprobación definitiva do mesmo e por tanto antes de poder solicitarse o préstamo para investimentos.

b) Que a última liquidación do Orzamento Xeral do Concello corresponde ao exercicio 2006, da que se deduce un aforro Neto Positivo conforme Certificado de Intervención que se acompaña como Anexo I al presente Informe.

SEGUNDA. Con relación a competencia para a contratación desta Operación de Crédito, tendo en conta que a contía da operación que se pretende concertar é de 1.635.000€, o importe excede do 10% de los recursos ordinarios do orzamento para o exercicio 2008, que ascenden a 1.024.698,58€; por tanto, a competencia corresponde ao Pleno da Corporación.

TERCEIRA.- Dado que do último Orzamento liquidado correspondente ao exercicio 2006 dedúcese un aforro neto positivo e que do volumen total de capital vivo das operacións de crédito vixentes a corto e longo prazo non excede do 110 por 100 dos ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio inmediatamente anterior (como se acredita no certificado de Intervención que se acompaña como Anexo II), non é precisa autorización algunha para a concertación da presente operación.

CUARTA.- A carga financeira anual comprensiva de amortización e intereses, derivada deste contrato de operación de crédito ten a consideración de gasto plurianual, de conformidade co disposto no artigo 174.2 del Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

QUINTA.- A Corporación estará obrigada a consignar, en cada un dos orzamentos da súa vixencia, os créditos orzamentarios suficientes para facer frente ás obrigas derivadas do mencionado contrato.”.

O Sr. Barreiro Lubián di que existe un prego no que se recollen os requisitos para solicitar ofertas das entidades financeiras co motivo da solicitude do préstamo.

O Sr. Domínguez Lino di que lle parece excesivo esta cantidade, repetidas por anos, cun endebedamento de 8,7 millóns cun pago de 155 millóns (pesetas) ao ano e esta cantidade parécenos excesiva por iso votamos en contra da solicitude do préstamo.

O Sr. Barreiro Lubián contesta que a cantidade non se axusta xa que hai que poñer as amortizacións e algún préstamo estamos a punto de rematar de pagalo. Os investimentos débense de facer agora e ninguén se opón, esta é unha práctica de anos cada vez Poio está máis lonxe da quebra aínda que estedes en contra. A débeda é de 8 millóns pero o orzamento é de 12 millóns. Non podemos comparar con outros concellos. Comparamos coa situación de antes, non pode ser tan nefasta como di o PP. Agora ofrécennos préstamos e antes ninguén quería financiarnos porque non se pagaban as amortizacións chegando a non pagarse as nóminas.

O Sr. domínguez Lino di que non van discutir sobre o pasado e se comparamos fagámolo con todo como pode ser a situación do lixo na actualidade, vertidos ao mar.... os veciños de Poio agora sofren unha maior carga fiscal.

Sometido a votación ordinaria, por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE) e 7 en contra (PP) e polo tanto por maioría absoluta no número legal de membros da corporación o pleno acordou:

**Primeiro:** Prestar aprobación ao expediente formado para a concertación dunha operación de crédito a longo prazo por importe de 1.635.000 € coa finalidade do financiamento dos investimentos recollidos no orzamento correspondente ao exercicio 2008 así como as modificacións que poideran establecerse por razón de interese público ou como consecuencia dos sobrantes que se produzan na execución dos investimentos proxectados.

**Segundo:** Dar inicio o procedemento de adxudicación da citada operación solicitando ofertas ás entidades financeiras co establecemento no termo municipal.

3095.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CPTOPT DO 11 DE FEBREIRO DE 2008, SOBRE O CAMBIO DE SISTEMA DE ACTUACIÓN DE COOPERACIÓN A COMPENSACIÓN NO POLÍGONO 1 DE SOLO URBANO CONSOLIDADO NO BAO.- Dáse conta do expediente e da resolución da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte, Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial, de data 11 de febreiro de 2008, que di textualmente: "En relación aos seus escritos de datas 20-12-07, 10-01-08 e 31-01-08, referentes á posibilidade de cambio do sistema de actuación de cooperación ao de compensación no polígono 1 de solo urbano consolidado no Bao, teño a ben comunicarlle que, dacordo co artigo 127 da Lei 9/2002, (LOUGA) dita modificación pode levarse a cabo, se ben o posterior desenrolo do citado polígono 1, quedará afectado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, que no seu artigo 3 contempla a suspensión da tramitación dos distintos plans que teñan por obxecto a transformación urbanística dos terreos situados a unha distancia inferior a 500 metros da ribeira do mar, sempre que ditos plans non contén coa aprobación definitiva á entrada en vigor da citada lei."

A Corporación dáse por enterada.

MOCIÓNS URXENTES.- Prodúcense as que seguen.

3096.- MOCIÓN CO MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO DÍA 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.- Sometida a votación a urxencia para a inclusión da moción presentada na orde do día por non se previamente ditaminada por comisión informativa ningunha esta quedou aprobada con 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE) e 7 abstencións (7 PP).

Trala exposición de motivos a corporación solicita a adopción dos seguintes acordos:

Contribuír a aplicación e desenvolvemento da Lei de igualdade efectiva de mulleres e homes a través dos seguintes compromisos:

- Conseguir a participación das mulleres na toma de decisións sobre asuntos que interesan a cidadanía.

- Erradicar a inestabilidade, o desemprego e á temporalidade que segue afectando esencialmente ao emprego

femenino e ás diferencias retributivas que aínda persinten.

- Favorecer á corresponsabilidade entre homes e mulleres no coidado das persoas e nos traballos domésticos.

Na loita contra a violencia de xénero, este Concello comprométese a:

- Incrementar o rexeitamento social sobre o agresor a través da realización de campañas municipais que contribúan a concienciar e sensibilizar á cidadanía sobre estas cuestións.

- Promover e activar un programa específico de prevención de violencia de xénero, dirixido especialmente a xóvenes adolescentes.

- Aumentar e reforzar os mecanismos posto en marcha para protexer e atender ás mulleres vítimas da violencia de xénero.

- Planificar e desenvolver cursos de formación, en colaboración coas CCAA dirixidos a todos os profesionais que traballan no proceso de erradicación do machismo criminal.

Sometida a votación a moción presentada esta quedou aprobada por unanimidade nos termos indicados anteriormente.

3097.- COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE E DA CONCELLEIRA DE PERSOAL, VÍAS E OBRAS PARA INFORMAR SOBRE DIVERSAS ACTUACIÓNS RELACIONADAS CO REALOXAMENTO DO VAO.- Pola Secretaria dáse conta do escrito presentado polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular de data 21 de febreiro de 2008, no que solicita a comparecencia do Sr. Alcalde e da Concelleira de Persoal para informar das seguintes cuestións:

1º.- Si durante a semana do 4 ao 8 de febreiro de 2008, algún persoal do Concelo de Poio realizou algún traballo fora do propio Concello, e se é así: que persoal foi? En que consistiu ese traballo? En que concello? E durante canto tempo?

2º.- Por que o venres día 8 de febreiro o concello ças 19.45 horas estaba pechado, cando o persoal de limpeza non remata a xornada até como mínimo ás 20.00 horas?

3º.- Que criterios se seguiron pata escoller os lugares de realoxamento dos habitantes do vao?

4º.- Que medidas se tomaron nos últimos días sobre os realoxos?.

O Sr. Alcalde comeza a comparecencia dicindo que durante esa semana houbo fontaneiros e electricistas que traballaron nunha edificación en Monteporreiro, comprobando se as instalacións de auga e electricidade eran correctas (quentadores de auga en R/Alemania) trátase dunha edificación propiedade do Concello de Poio.

O día 8 de febreiro a limpadora tivo que saír, por motivos persoais, pedindo a correspondente autorización previamente e con cargo ás horas que se lle debían polo entroido e para puntualizar o horario é até as 20.30 horas.

Á hora de elixir un lugar para o realoxo elixiuse os criterios estipulados nos pregos e agora estanse a facer seguimentos diarios da súa integración para verificala consonte ao disposto no convenio.

O Sr. Domínguez Lino di que casualidade que cando se quedou cos veciños de Boa Vista o Concello estivera pechado e que piden esta comparecencia porque nos parece un espectáculo bochornoso o que está a padecer Poio cos seus gobernantes. Consequiron en tempo record, que o goberno bipartito de Poio, BNG-PSOE PSOE-BNG en 8 meses lle organizaron dúas manifestacións de veciños de Poio e de veciños doutras comarcas. É vergonzoso que non tiveran en conta nin a primeira forza política de Poio e gañadora das pasadas eleccións municipais como é o grupo que represento. É indignante que se enfrontaran mediante un ocultismo co Alcalde da cidade de Pontevedra, por certo Sra. Besada debe informarlle a súa colega de Pontevedra que vostede é a vicealcaldesa de Poio, que o seu partido obtenta a responsabilidade da concellaría de servizos sociais e que vostede forma parte da Xunta de Goberno (xunto con outro compañeiro), é dicir máis de 8 meses. E que en plena crise ademais vostede obstentaba a alcaldía pola fuxida do Sr. Alcalde por certo que no debeu de facer moi ben porque se incorporou o alcalde unhas horas antes.

É penoso que a outro alcalde (ademais amigo seu) como pode ser o de Pontecaldelas a día de hoxe non se lle dera explicación ningunha dos seus excesos competenciais.

E máis indignante Sr. Sobral-Sra. Besada é a mentira e a traición que protagonizaron cos veciños de Boa Vista, cando ao finalizar o pleno do pasado mes de novembro e en pleno desautocidio do piso de Boa Vista varios veciños viñeran a preguntarlle polos rumores existentes en que o devandito piso se iba a realoxar a veciños do Vao. Tanto a Sra. Besada como o Sr. Sobral dixéronlles e prometéronlle que nese piso non se ían a realoxar vexiños do Vao. Un mes máis tarde, volveuse a demostrar a credibilidade.

Resulta penoso tamén como pola súa incompetencia, pola súa soberbia e pola súa ineptitude levamos máis de 80 portadas nos xornais con nome de Poio e asegúrolle que non votamos flores. O noso nome puxérono polo chan (deben de estar orgullosos) tanto o alcalde como o equipo de goberno.

Teremos enfrontados aos veciños de Poio e aos de outros lugares da comarca. Isto chámase xestión e planificación e bon goberno.

Todo isto, coa complicidade da Xunta de Galicia, por certo Xunta gobernada polos dous gobernos que o fan o Poio.

Por certo se agora tanto Vicepresidencia e o seu colega de Pontevedra; Sr. Sobral din que foi un erro o realoxo de Boavista e de Pontecaldelas. Como dixo o seu compañeiro (Barreiro) espera que non sexa unha cuestión electoral.

Sr. Sobral se é un erro para Monteporreiro, tamén é un

erro para Boa Vista e PonteCaldelas e pola súa dignidade e coherencia debe aceptar tamán que se de marcha atrás nestes tres realoxos.

Na Comisión de Facenda lles temos preguntado polo denunciado na prensa por un xornal onde se dicía que o Concello co diñeiro de todos mercaran unha casa máis.

É iso certo? Si é certo porque ocorreu? Que control levan vostedes pola chabolas do Vao e dos seus habitantes? Deberán pedir responsabilidades xa que están pagando cos cartos dos veciños de Poio?

O Sr. Alcalde contesta que nunca se quedou pola tarde cos veciños de Boa Vista. Os enfrontamentos de Pontevedra-Pontecaldelas daríanse en calquera outra parte. Sempre fomos conscientes da conflitividade. Vostedes sempre estiveron en contra do realoxo e autorealoxo e na súa campaña non se recollía.

O asentamento do poboado xitano no Vao, é sufrido polos veciños de Poio, pero non soamente os veciños de Poio son os demandantes senón que perfectamente se podería identificar con outro contorno, vai máis alá, nós soportamos esta carga durante un periodo superior a trinta anos. Os Concellos de Pontevedra e Pontecaldelas están molestos pero estarían todos molestos, preténdese unha integración da que todos saldríamos beneficiados existen outras familias que xa foron realoxadas é non teñen problemática.

A Sra. Besada Lores di que non tiñan coñecemento da reunión do día 8 cos veciños e estivemos reunida cos veciños cando o pediron. Teresa Casal sabe perfectamente que formo parte do equipo de goberno. Soamente se realoxou unha familia en Poio porque non temos capacidade para realoxar todas.

O Sr. Domínguez Lino di que todo o procedemento se fixo con ocultismo e que hai que facer unha distinción entre os veciños do Vao, xa que saíron en prensa unha imaxes da familia realoxada en Boa Vista na que mostran mobiliario que non todos se poden permitir.

Demagoxia é ir a bailar bulerías ao Vao ou prometer no 2003 e agora están as consecuencias.

O Sr. Alcalde contesta que o acto o que alude realizouse ao final de curso, o día do xitano, pero non me preocupa. E non sei a que promesas te refires.

Para o realoxamento nos defendimos unha idea e seguiremos porque aínda quedan 42 familias por realoxar. O que se fixo foi mínimo e queremos escoitar esas alternativas, non sei se seguen coa idea da dispersión.

As recomendacións do Valedor fanse desde que as sentenzas son firmes e no proceso naceron máis persoas no poboado.

A posibilidade do realoxamento no propio asentamento non se puido levar a cabo queremos aber se sigue pensando igual, e gostaríanos que todas estas liñas se definisen.

As políticas sociais son contraditorias e difícil

comprender situacións que son contraditorias pero están ahí.

O Sr. Domínguez Lino di que habería que volver á constituir a mesa para levar a cabo a dispersión pero habería que ver a quen se realoxa.

A Sra. Besada Lores pregunta se a dispersión con consenso sería posible xa que con 6 familias existe tanta problemática e se se chega de novo á Mesa o PSOE colaborará.

O Sr. Domínguez Lino di que se é difícil chegar a un acordo con consenso maior será facelo sen el, con ocultismo, primeiro hai que ver se estas familias se queren realoxar e integrar.

O Sr. Alcalde di que hai persoas dos servizos sociais traballando con estas familias tal e como se recolle no contrato. Se a mesa de compón será para o realoxamento dos que están e non cos que se realoxaron.

O Sr. Barreiro Lubián di que é fácil chegar á demagogia, o BNG unicamente tivo o apoio da Xunta e Subdelegación para realoxar no propio Vao aos xitanos, pero que nunca sería chabolismo como agora.

A integración e moi fácil noutro lugar pero xenera problemas como os que temos pero non existe outra alternativa, e os realoxos teñen que ser noutro lugar e as cousas hai que facelas. Hai tres solucións: 1.- Vao onde está, sen facer nada, que sería inviable xa que existe unha sentenza. 2.- Realoxamento mediante a construción de vivendas dignas no Vao. 3.- É a que se fixo. Pero hai que actuar e de forma sería.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que o PP segue coa mesma postura do ano 2003.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- Prodúcense as que seguen:

A Sra. Ligerio Iglesias pregunta que tipo de xestións se están a levar a cabo para o arranxo, ampliación e a dotación dun quitamedos na rúa Cabo Falcoeiro.

Igualmente, roga que se lles presente o anteproxecto da piscina municipal así como a entrada dese documento no Rexistro Xeral de Costas.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e unha horas e corenta minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, secretaria xeral, dou fe.